

D.- Os elementos da paisaxe agraria

D.1.- Nomea os **elementos principais** de calquera *paisaxe agraria*.

D.2.- Que se entende por *poboamento rural* e *hábitat rural*? Que **modalidades** de *poboamento rural* existen?

D.3.- Que é unha *parcela*?

D.4.- Fai un esquema que clasifique os distintos **tipos** de *parcelas*.

D.5.- Que é un *sistema de cultivo*?

D.6.- Sinala a **diferenza** entre *cultivos herbáceos*, *arbustivos* e *arbóreos*.

D.7.- Sinala a **diferenza** entre os seguintes conceptos e **busca imaxes** que acompañen as túas respostas:

- *monocultivo / policultivo*
- *cultivo de secaño / cultivo de regadío*
- *cultivo continuo / cultivo de rotación*



D.1.- Nomea os **elementos principais** de calquera *paisaxe agraria*.

● Os **elementos da paisaxe agraria** son o espazo habitado (poboamento e hábitat rural), o espazo traballado (organizado en *parcelas*), e os sistemas de cultivo.

D.2.- Que se entende por *poboamento rural* e *hábitat rural*? Que **modalidades** de poboamento rural existen?

● O **poboamento rural** é a forma na que a poboación agraria se distribúe no espazo.

- O **hábitat rural** está formado polas vivendas e edificacións agrarias (celeiros, cortes, bodegas...). Os seus materiais proceden do medio físico (ramas, pedras, madeira...).




● As **modalidades** de poboamento rural que se poden diferenciar son:


Poboamento rural

Disperso: As casas e os edificios atópanse espallados e separados por terras de labor ou pastos. Poden presentarse de forma illada ou dando lugar a pequenas agrupacións de casas.


Concentrado: As casas e os edificios agrúpanse nunha única vila ou aldea, separada das terras de labor.

Intercalar: Formado por casas illadas entre vilas ou aldeas.





El **hábitat rural** incluye las viviendas y edificaciones agrarias cuyos materiales responden al medio físico y al tipo de actividades económicas.



D.3.- Que é unha *parcela*?

D.4.- Fai un esquema que clasifique os distintos tipos de *parcelas*.

- As **parcelas** son as divisións máis elementais do espazo agrario. Cada parcela é unha extensión de terra dedicada a “un mesmo uso” (agrícola, gandeiro ou forestal) e está separada das demais por lindeiros.



As **parcelas** poden clasificarse





- En función do tamaño
 - pequenas, menores de 10 ha
 - medianas, entre 10 e 100 ha
 - grandes, máis de 100 ha
- En función da forma
 - regulares: rectangulares, cadradas, circulares...
 - irregulares
- En función dos límites
 - abertas: só separadas por sucos, marcos...
 - pechadas: cercadas por sebes, árbores...
- En función da súa dedicación
 - agrícolas, gandeiras ou forestais

SABÍAS QUE...?

As **explotacións agrarias** son o conxunto de parcelas traballadas por un mesmo produtor ou empresario agrario, independentemente de que estean separadas entre si ou non, e de que sexan ou non da súa propiedade.







D.5.- Que é un *sistema de cultivo*?

● Os **sistemas de cultivo** son as técnicas utilizadas polos agricultores para obter os produtos agrícolas e varían de acordo coa variedade de cultivos, a auga que reciben as plantas, o modo de ocupación do solo, o aproveitamento que se faga da terra e o destino da produción agraria.



D.6.- Sinala a **diferenza** entre *cultivos herbáceos, arbustivos e arbóreos*.



● Os cultivos **arbustivos** e **arbóreos** son cultivos **leñosos**, por ter o talo de consistencia leñosa. Son cultivos **perennes** porque permanecen longo tempo sobre o terreo sen ter que replantarse.

● Os cultivos **herbáceos** teñen o talo con consistencia de herba. Son cultivos **anuais** porque requiren replantarse despois de cada colleita.



A **diferenza** entre eles é que os arbustivos non teñen un só tronco, senón que se ramifican desde a mesma base.

D.7.- Sinala a **diferenza** entre os seguintes conceptos e **busca imaxes** que acompañen as túas respostas: *monocultivo / policultivo, cultivo de secaño / cultivo de regadío, cultivo continuo / cultivo de rotación.*

● O sistema de cultivo é de **monocultivo** cando o espazo agrícola adícase ao cultivo dun só produto mentres que será de **policultivo** cando son varios. O primeiro soe ir asociado a unha *agricultura de mercado* e o segundo cunha *agricultura de subsistencia*.



- O sistema de cultivo é de **secaño** cando os cultivos reciben exclusivamente auga de chuva mentres que será de **regadío** cando o agricultor proporciona ás plantas auga adicional, que procede de ríos, pozos, fontes... O primeiro soe ir asociado a unha *agricultura extensiva* e o segundo cunha *agricultura intensiva*, que pretende aumentar os rendementos.




- O **regadío** pode ser tradicional “*á manta*”, cando se encharca toda a parcela ou pode facer uso de métodos máis modernos, por *goteo*, *aspersión*... que requiren importantes investimentos.



● O sistema de cultivo é **continuo** cando a terra se traballa continuamente, sen deixala descansar, mentres que é de **rotación** cando os cultivos se suceden ou alternan periodicamente nas parcelas.

- A **rotación de cultivos** pretende conservar a fertilidade da terra e evitar o seu esgotamento. Esa rotación pode ser :

- con *barbeito*, é dicir, parte da terra quedará en descanso para que recupere a fertilidade.
- *continua*, sen deixar descansar a terra, pero alternando nas parcelas cultivos que desgastan máis ou menos o solo.



D.8.- Que é a *agricultura extensiva*? E a *agricultura intensiva*?

	Agricultura intensiva	Agricultura extensiva
Que é?	Forma de explotación agraria que pon en cultivo todo o solo e pretende obter a maior colleita posible.	Forma de explotación agraria que non pon en cultivo todo o solo, xa que parte da terra queda en <i>barbeito</i> .
Tradicional	Obtén altos rendementos, pero emprega moito man de obra e traballo humano, debido ao atraso tecnolóxico. Ex.: agr. de arrozal asiática.	Fai uso do barbeito para evitar o esgotamento do solo, o traballo non é mecanizado e os rendementos son escasos. Ex.: agr. tradicional de cereal en Castela.
Moderna	Obtén altos rendementos, xa que fai uso de tecnoloxía avanzada: fertilizantes, selección xenética, regadío...Ex.: horta valenciana.	Emprega técnicas modernas, é unha agricultura mecanizada, que emprega pouca man de obra; a produción é elevada, parte da terra queda en barbeito porque non interesa producir máis... Ex.: agricultura de cereal en EEUU






Agricultura intensiva





Agricultura extensiva



D.9.- Señala a **diferenza** entre os seguintes conceptos e **busca imaxes** que acompañen as túas respostas:

- *agri. de subsistencia / agr. de mercado*
- *agr. produtivista/ agr. ecolóxica*



**Agricultura
de
subsistencia**





Agr. de mercado productivista



Plantación de té verde



Agr. de mercado ecolóxica

